

VER CONTIDOS
 Maio 2012

 DESCARGAR
 Abril 2012


20 de febreiro de 2012

Volver a titulares



Emprega Talento é un espazo de encontro, participación e intercambio entre mozos preparados con ideas pero sen experiencia e contactos



O proxecto “Emprende” fomenta a innovación e o emprendemento no espazo transfronteirizo Galicia - Norte de Portugal

A situación económica obriga a buscar novas saídas laborais, especialmente aos máis novos, o colectivo que presenta máis dificultades de inserción no mercado de traballo. E unha opción é o emprendemento, unha saída factible e máis doada grazas ao proxecto Emprende, que financia o programa de cooperación transfronteiriza Galicia - Norte de Portugal e do que é socia a Fundación Galicia Europa.

Para facilitar esta vía, púxose en marcha o proxecto “Emprende”, financiado polo programa de cooperación transfronteiriza Galicia - Norte de Portugal POCTEP (2ª convocatoria), cuxo principal obxectivo é converter o Espazo de Cooperación nun lugar atractivo para o asentamento e o desenvolvemento de nova actividade económica e empresarial e crear empresas e emprego para mozos da Eurorexión. Para iso ofrécense asesoramento e cooperación empresarial, apoio a iniciativas xuvenís emprendedoras, formación de mozos emprendedores, avaliación, xestión e coordinación así como comunicación e diseminación. A finalidade é acadar novos emprendedores e, por tanto, novas empresas de carácter transfronteirizo; un partenariado e estruturas de xuventude sostibles e crear un hábito de cooperación entre mozos, asociacións e empresas.

Asesoramento e Cooperación Empresarial

É a primeira das actividades desenvolvidas para lograr este fomento da actividade emprendedora e recolle varias medidas, como a creación dun Gabinete de Iniciativas Xuvenís Emprendedoras Transfronteirizas cuxa misión é animar os procesos de creación de empresas e emprego entre os máis novos. Outra das accións consiste na organización de Foros de Empresarios e de Asociacións Xuvenís que permitan un achegamento entre estes dous colectivos e que se desenvolverán tanto na zona transfronteiriza de Galicia coma na zona de cooperación do Norte de Portugal con diversos contidos temáticos.

Axudas a iniciativas xuvenís emprendedoras

A segunda actividade inclúe catro accións:

-apoio a mozos con ideas e iniciativas empresariais: axuda aos mozos emprendedores para desenvolver un proxecto empresarial, social, cultural ou artístico que repercuta na zona de cooperación.

-Servizo de mobilidade xuvenil: porase en contacto a empresas e mozos para que poidan colaborar no desenvolvemento do talento xuvenil e o espírito empresarial. Este servizo apoiará o coñecemento e o intercambio de experiencias entre empresas novas de Galicia e do Norte de Portugal.

-Apoio á internacionalización de empresas, asociacións e entidades que preentan servizos á mocidade: trátase de informar, asesorar e promocionar novas ideas e proxectos de mozos emprendedores así como facilitar unha contorna de internacionalización de produtos e de sistemas en territorios transfronteirizos. Faríase en tres etapas: información e formación, maduración da idea e procura de recursos financeiros para desenvolvela e comercializala na Europa Comunitaria.

-Emprega Talento: un espazo de encontro, participación e intercambio entre mozos preparados con ideas pero sen experiencia e contactos.

Formación para emprendedores xuvenís

A terceira actividade inclúe tres accións:

-unha plataforma e-learning para impartir cursos de formación a distancia.

-Cursos de formación presenciais: complementa a oferta con temas recomendados polo Plan Estratégico: medio ambiente, turismo, servizos culturais, etc.

-Xornadas e paneis de experiencias: para expor ideas de éxito noutras rexións e presentacións de expertos sobre as posibilidades de expansión de negocios emprendidos na Eurorexión cara a outros territorios da UE.

Comentar noticia

Nome: